



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO ENTERRO DA SARDIÑA 2019

O Concello de Outes, a través da concellaría de cultura e deportes, convoca o concurso de disfraces para celebrar o enterro da sardiña, festa de grande tradición no noso concello. Este evento terá lugar o mércores 6 de marzo de 2019 polas rúas principais da Serra de Outes.

- 1. Participantes:** Poderán inscribirse todas as persoas interesadas, asociacións, grupos culturais, veciñais,... que o desexen.
- 2. Inscricións:** Pode facerse cubrindo o formulario de inscrición en enviándoo a animacion@outes.es antes do 1 de marzo ou o mesmo día (6 de marzo), de 16:00 a 17:00 horas, no polideportivo da Serra ou chamando ao teléfono 629 876 814. O número da orde das comparsas e dos disfraces que formarán o desfile asignarase segundo a inscrición e antes do comezo do desfile.
- 3. Modalidades:** Infantís, individuais, grupos e comparsas.

Infantís: Poden participar 1 ou 2 nenos/as ata os 12 anos de idade.
Individuais: Poden inscribirse nesta modalidade 1 ou 2 persoas, sen límite de idade.
Grupos: Poden participar grupos de persoas dun número variable entre 3 e 8.
Comparsas: Competirán grupos de 9 ou máis persoas.

4. Premios:

Infantís:	1º- 60 €	2º- 40 €	3º- 30 €	4º- 30 €	5º- 30 €
Individuais:	1º- 230 €	2º- 160 €	3º- 60 €		
Grupos:	1º- 400 €	2º- 260 €	3º- 120 €		
Comparsas:	1º- 800 €	2º- 510 €	3º- 240 €		

- 5. Xurado e cualificacións:** A cualificación das comparsas e disfraces comezará ás cinco da tarde e será determinada polo xurado do concurso, que estará composto por un/unha representante do concello de Outes, un/unha representante do colexio público de Outes e outro/a do Instituto Poeta Añón, un/unha representante da Asociación de Pais e Nais de alumnos/as do colexio do CEIP de Outes e un/unha representante da Asociación de Amas de casa de Outes.

En total serán 5 os/as representantes ou compoñentes do xurado, que valorarán a orixinalidade, o traballo, a posta en escena, a animación e esmorga, etc., .

- 6. Lugar:** A concentración e desfile das comparsas e disfraces, diante do xurado, será no polideportivo municipal da Serra de Outes.
- 7. Desfile:** A saída do cortexo fúnebre encabezada pola Sra. Sardiña e as súas choronas comezará ás seis e media da tarde, percorrendo as rúas da Serra de Outes ata chegar á praza do Bosque, onde se fará a entrega de premios ás persoas galardoadas. Alí terá lugar a tradicional degustación do delicioso chocolate con biscoitos.

Para dar por rematado o Entroido do 2019, prenderáselle lume á sardiña.

NOTA: En caso de chuvia, suspenderanse os desfiles polas rúas. Neste caso, o chocolate con biscoitos servírase no patio do Colexio Público de Outes.